



**CONCELLO DE BUEU**  
**GABINETE DE COMUNICACIÓN**

comunicación@concellodebueu.gal  
Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111

**MEDIDAS PARA SAÍDAS CONTROLADAS DE NENOS E NENAS**  
**MENORES DE 14 ANOS A PARTIR DO 26 DE ABRIL**

Ante as saídas controladas de nenos e nenas menores de 14 anos a partir do 26 de abril, o Concello de Bueu lembra á cidadanía as seguintes MEDIDAS a ter en conta:

1. O horario permitido será **de 9.00 a 21.00 h**, aínda que se recomenda evitar as horas punta para que non se produzan aglomeracións.
2. As saídas terán que ter unha duración máxima de **1 hora** e a **1 quilómetro da vivenda**. Só poderá realizarse **unha saída por día**.
3. Serán acompañad@s en todo momento por unha persoa adulta responsable coa que convivan. Deberase saír cun máximo de ata tres nenos/as e estar sempre a unha distancia na que se poida controlalos.
4. Deben respectarse as medidas de **distanciamento social de 1,5 metros** tanto con outros nenos/as como adultos, así como lavar con frecuencia as mans e manter unha hixiene moi estrita no uso dos espazos públicos.
5. Cumprindo sempre co distanciamento social, permítese que os nenos/as corran, xoguen e realicen exercicio.
6. Os nenos/as poderán levar os seus propios xoguetes, aínda que queda prohibido o uso de parques e de zonas infantís comúns.
7. No rural permitiranse as saídas polo campo, sempre cumprindo co distanciamento social.
8. Os nenos/as poderán pasear polas praias, sempre que estas non estean a máis dun quilómetro das súas vivendas.
9. Apelamos á responsabilidade cidadá para facer un uso correcto desta medida. Así mesmo, para garantir o correcto cumprimento, incrementaremos a vixilancia policial.
10. As persoas deben informarse por fontes oficiais, concretamente do Ministerio de Sanidad e da Consellería de Sanidade.

**Bueu, a 24 de abril de 2020**